

CREATURA

Elena Martín, 2023

1167

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2023 | V.O.S.E. | +16 | 112 min

Despois de mudarse coa súa parella a un novo fogar, Mila decátase de que a súa perda de desexo se atopa en si mesma. A partir de aí, empeza unha viaxe na que revisita experiencias da súa infancia e adolescencia coa esperanza de reconciliarse co seu propio corpo.

«Unha pescuda valente, sorprendente e poderosa sobre os tabús sobre o sexo desde a nenez á madurez»

Javier Zurro, eldiario.es



Entrevista con Elena Martín: «A sexualidade é un impulso vital, é tamén unha forma de conectar co teu corpo e velo desde fóra»

Por Alfonso Rivera

Creatura presenta cuestións e reflexións interesantes e íntimas que nos afectan a todes. Durante o proceso e cando faciamos *pitching* era importante que quedase clarísimo que o filme ía sobre o desexo e as dificultades culturais que nos impiden vivir unha sexualidade sa. Iso non é exclusivo dun xénero: todes fomos educades dunha forma e encontrámonos con distintos tipos de represións. Cando faciamos *screen tests* durante a montaxe, os meus amigos gais sentíanse interpelados con esa vergoña e sensación de culpa tamén. Así mesmo, os homes heteros, cos seus medos e frustracións, están en *Creatura*.

Ten que ver coa educación recibida o sentirse culpable tras ter sexo? Son cousas que temos normalizadas. Todos lembramos momentos así da infancia ou adolescencia, propios ou alleos. Escribindo o guión con Clara Roquet falabamos diso, ademais de que fixemos entrevistas a mulleres e descubrimos esa sensación da primeira vez que te masturbabas: sentirte despois sucia ou desconectada e pensar que es a única persoa que o está facendo. Iso faite sentir miserable. Co filme intentamos, a través dos personaxes, agrupar ou representar estas historias que moitas vivimos, coa vontade tamén de xerar debate para cambiar iso. Todo o que ten que ver con como viviches o desexo está estreitamente ligado co teu corpo, coa sensación de que mereces ou non as cousas. A sexualidade é un impulso vital, non se reduce só á parte íntima do sexo puro, é tamén unha forma de conectar co teu corpo e velo desde fóra. Todas estas pequenas represións non só condicionan as túas relacións sexuais futuras, senón tamén a túa autoestima, saúde mental e as relacións de todo tipo, desde familiares ata sociais. Por iso me interesa moito ter este tipo de conversacións co público tras as proxeccións.

O filme é valente ao falar de maneira tan clara da sexualidade naturalizándoa, porque desde nenos sentimos desexos sexuais, pero reprimímolos como se fose algo malo. Tamén desde o punto de vista do filme intentamos que non fose pudorosa, que puidésemos falar de todo, aínda que fose complicado ou incómodo. E facelo desde un sitio natural, nin efectista nin morboso, porque a sexualidade foi retratada en xeral cunha mirada allea, desde fóra ou incluso violenta. Iso que vivimos tantas persoas, que nos marcou como trauma, non é o normal e pódese evitar.

Normalizouse esa demonización da sexualidade? Si, a sexualidade está conectada coa saúde mental, coa conexión cunha mesma e coa felicidade. Ter unha sexualidade reprimida fainos menos libres dentro dun sistema, polo tanto resulta conveniente. O catolicismo tamén atacou por aí, facéndonos sentir en débeda; porque sempre imos sentir desexo, é o noso impulso natural, de cada un á súa maneira, e sentir esa débeda é moi duro.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Júlia ist,
Elena Martín.
Cameo [DVD]

La lección de anatomía,
Marta Sanz.
ANAGRAMA, 2014

Panza de burro,
Andrea Abreu.
Barrett, 2020